

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 11 DE SETEMBRO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se determina a estrutura e organización da Oficina Fiscal en Galicia e da Unidade de Apoio á Fiscalía Superior.
- Decreto polo que se dispón o cesamento de Gonzalo José Ordóñez Puime como director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias a Blanca García-Señoráns Álvarez.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se modifica o Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a implantación das medidas necesarias para a execución do III Plan de avaliación de entes dependentes da Xunta de Galicia, así como a constitución da Comisión de Seguimento do seu cumprimento.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de San Cristovo de Cea para a mellora do acceso ao polígono industrial, por un importe total de dous millóns de euros (2.000.000,00 €).



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Miño para a renovación de servizos e pavimentación da rúa Granada (Miño), por un importe total de cento oitenta e catro mil novecentos noventa e oito euros con trinta e cinco céntimos (184.998,35 euros).
- Acordo polo que se aproba o Convenio de adhesión do concello de Sandiás á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de material de incontinencia urinaria con destino a centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde e residencias sociosanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe de nove millóns trescentos noventa e catro mil novecentos noventa e oito euros con vinte céntimos (9.394.998,20 euros), nun valor estimado de vinte millóns catrocentos noventa e oito mil cento setenta e sete euros con noventa céntimos (20.498.177,90 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para a sinatura dun convenio de colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), para o financiamento de programas de formación profesional, formación ocupacional e actividades complementarias de persoas con discapacidade, no ano 2014, con financiamento do Fondo Social Europeo (FSE). Importe total: seiscentos trinta mil cento noventa e seis euros (630.196,00 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o balance turístico do verán. Galicia 2014.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a adxudicación da contratación dos servizos de redacción do Plan director do Hospital da Costa de Burela.

A XUNTA PON EN MARCHA A NOVA OFICINA FISCAL DE GALICIA CO OBJECTIVO PRINCIPAL DE ACADAR UNHA XUSTIZA MÁIS ÁXIL, EFICIENTE E AXUSTADA ÁS NECESIDADES ACTUAIS

- ***A Comunidade Autónoma de Galicia é unha das pioneiras a nivel estatal nestes cambios na nova Oficina Fiscal***



O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que determina a estrutura orgánica e a organización da Oficina Fiscal en Galicia, así como a unidade de apoio ao fiscal superior, co principal obxectivo de dar resposta á necesidade de dotar a Administración de Xustiza duns métodos máis eficientes e dunha organización máis áxil, transparente e axustada ás necesidades actuais. O proxecto ten un custo estimado de 891.000 euros.

A nova Oficina Fiscal ten como obxectivo solucionar os problemas da antiga estrutura dando resposta ás necesidades de modernización e adaptación deste servizo público aos cambios na sociedade e aos avances tecnolóxicos, tendo en conta a importancia que ten xa que serve de soporte e apoio á actividade do Ministerio Fiscal.

Actualmente, a nosa comunidade conta con 12 oficinas fiscais, 1 Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma; 4 fiscalías provinciais (A Coruña, Lugo, Ourense, e Pontevedra); 3 fiscalías de área (Santiago, Ferrol, Vigo) e 4 seccións territoriais (Mondoñedo, Monforte de Lemos, Verín e Cambados). Estas oficinas están dotadas por funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza: xestores procesuais e administrativos, tramitadores procesuais e administrativos e persoal de auxilios xudiciais.

Así, no novo modelo aprobado pola Fiscalía Xeral do Estado, Ministerio de Xustiza e comunidades autónomas con competencias, establécense postos singularizados, como son coordinador ou responsable da Oficina Fiscal, secretaria do fiscal xefe e control do rexistro, estatística e calidade.

Na actualidade, Galicia é una das comunidades autónomas pioneiras na posta á disposición da Fiscalía de medios informáticos avanzados, grazas ao importante investimento en medios tecnolóxicos, o que supuxo, entre outros avances, a renovación de todo o parque tecnolóxico, o aumento do largo de banda; a instalación xeneralizada de videoconferencia; a subministración de medios de encriptación; equipamentos de voz; conexións VPN que permiten o acceso en remoto a todas as aplicacións informáticas (só en Galicia) e utilización de Lexnet pola Fiscalía de Menores, polo que o proceso de implantación da nova Oficina Fiscal será máis doado.

O número de fiscais incrementouse en máis dun 30% nos últimos anos. Ademais, nestes anos a Comunidade Autónoma reforzou o persoal funcionario de apoio aos fiscais, chegando ata os 124 efectivos. Neste sentido tamén salientou que no proceso de implantación se van consolidar máis de 20 postos de traballo de funcionarios nas distintas fiscalías galegas.

Formación

Para apoiar o proceso de implantación da nova oficina fiscal, e unha vez publicado o decreto, está prevista formación específica para fiscais e funcionarios relativa á nova organización, habilidades directivas e de xestión de persoas e equipos, e formación TIC. O proceso de capacitación estará acompañado dunha titorización persoal a cada un dos



integrantes da Oficina Fiscal, ben con xornadas presenciais, ben en remoto, utilizando o portal específico de formación TIC de Xustiza. Tamén se incluírán cursos específicos na programación anual da EGAP.



O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A BLANCA GARCÍA-SEÑORÁNS COMA NOVA DIRECTORA XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS EN SUSTITUCIÓN DE GONZALO ORDOÑEZ

O Consello da Xunta nomeou esta mañá a Blanca García-Señorans Álvarez coma nova directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias en substitución de Gonzalo Ordóñez que deixa o Goberno galego para desempeñar novas responsabilidades como deputado do Congreso.

García-Señoráns é Licenciada en Xeografía e Historia, na especialidade de Arquivística, ámbito no que traballou gran parte da súa traxectoria profesional. Foi tamén concelleira da cidade de Pontevedra e xefa de gabinete da Vicepresidencia da Xunta dende 2009.

A nova directora xeral terá entre as súas funcións asistir ao Goberno nas súas relacións co Parlamento de Galicia e representar á nosa Comunidade nas súas relacións institucionais co Goberno central, así como coas restantes administracións e gobernos doutras Comunidades Autónomas.



MEDIO AMBIENTE AFORRARÁ PRETO DE 140.000 EUROS EN POSTOS DE DIRECCIÓN AO AGRUPAR DISTINTOS SERVIZOS DOS SEUS DEPARTAMENTOS

- ***O Consello da Xunta autoriza hoxe o decreto polo que se modifica a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, reorganizando os órganos superiores e entidades adscritas e redistribuíndo as funcións de varios departamentos***
- ***A actualización de competencias e aproveitamento das sinerxías dos distintos departamentos e organismos da Consellería de Medio Ambiente permitiron un aforro de 48,8 millóns de euros en persoal desde o ano 2009***
- ***As modificacións autorizadas hoxe posibilitan unha xestión dos departamentos máis sinxela, áxil e eficaz***
- ***A novidade máis importante é a creación de dúas xefaturas de servizo en materia de parques naturais: Zona Norte e Zona Sur***
- ***Na Dirección Xeral de Mobilidade e na Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental tamén se realizarán cambios de denominación ou reasignación de funcións en distintos departamentos***

O Consello da Xunta autoriza hoxe o decreto polo que se modifica a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, establecida no Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, co fin de optimizar os postos de dirección e as entidades públicas adscritas á Consellería e a redistribución das funcións de varios departamentos.

Con estes cambios racionalizarase a estrutura orgánica deste departamento da Xunta de Galicia, posto que o orzamento destes organismos se reduce en case 140.000 euros. Trátase dun paso máis no camiño da austeridade e eficacia que centra as actuacións do Goberno galego.

Aforro importante

As modificacións e actualizacións dos distintos departamentos e organismos dependentes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas realizadas desde o ano 2009 permitíronlle á Administración galega un aforro importante de 48,8 millóns de euros.

Entres estas reestruturacións destaca o feito de aglutinar nunha única consellería as competencias que en 2009 se repartían en tres consellerías, a fusión da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH) e o organismo autónomo Augas de Galicia, ou a integración na Axencia Galega de Infraestruturas da Sociedade Pública de Investimentos.

Cambios

Na Dirección Xeral de Conservación da Natureza, a novidade máis importante é a creación de dúas xefaturas de servizo en materia de parques naturais: o Servizo de Parques Naturais da Zona Norte e o Servizo de Parques Naturais na Zona Sur.



Esta agrupación, que permitirá unha xestión máis áxil e eficaz, distribúe os parques naturais do seguinte xeito: na zona norte, A Coruña e Lugo (Fragas do Eume, Complexo Dunar de Corrubedo e Reserva Nacional de Caza dos Ancares); e na zona sur, Ourense e Pontevedra (Monte Aloia, Baixa Limia-Serra do Xurés, Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra).

SERVIZO DE PARQUES NATURAIS DA ZONA NORTE (A CORUÑA-LUGO)	SERVIZO DE PARQUES NATURAIS DA ZONA SUR (PONTEVEDRA-OURENSE)
Fragas do Eume	Monte Aloia
Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán	Baixa Limia-Serra do Xurés
Reserva Nacional de Caza dos Ancares	Invernadeiro
	Serra da Enciña da Lastra

No que se refire á Dirección Xeral de Mobilidade, realizaranse tres mudanzas: dous cambios de denominación e unha reasignación de funcións. A modificación autorizada esta mañá polo Consello da Xunta tamén prevé a redistribución das funcións atribuídas á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.



A XUNTA CONCLUIRÁ O PROCESO DE RESTRUTURACIÓN DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO COA EXTINCIÓN DE CASE UN CENTO DE ENTES

- ***O Consello da Xunta anunciou hoxe a folla de ruta da terceira fase do seu Plan de Racionalización, que contempla a supresión doutros 13 entes paralelos***
- ***Galicia será a primeira comunidade en completar un proceso global de reestruturación da administración instrumental, tras intervir sobre 160 organismos***
- ***Ao final deste 'macroproceso', a Xunta terá suprimido 97 organismos e optimizado outros 63 grazas a introdución de importantes melloras de eficiencia***
- ***Esta previsto que tras a execución da terceira fase do Plan de Racionalización os aforros das arcas públicas autonómicas poidan superar os 57 millóns de euros***

O Consello da Xunta anunciou hoxe a folla de ruta da terceira fase do Plan de Racionalización da Administración Paralela, que terá como resultado a supresión de 13 novos entes e a continuidade doutros 19 que serán sometidos a recomendacións de melloras para ofrecer un servizo de maior calidade aos cidadáns.

En canto se complete a execución desta terceira fase, Galicia converterase na primeira comunidade autónoma de España en completar un proceso global de reestruturación da súa administración instrumental, tras intervir sobre 160 organismos nun proceso pioneiro de redución, simplificación e adaptación da súa estrutura ao actual contexto económico.

Ao final deste 'macroproceso' -que comprende aos tres plans de racionalización activados e algunhas operacións puntuais de axuste realizadas fóra deles- a Xunta terá suprimido 97 organismos en total e outros 63 terán sido optimizados, despois de introducir neles importantes melloras de eficiencia tras un intenso traballo de auditoría interna.

Ademais, a Xunta comprometeuse a facer do proceso de racionalización unha garantía de permanencia e mellora continua e por iso a propia Lei de Racionalización do Sector Público Autonómico, aprobada recentemente, incorpora a obriga de realizar periodicamente plans de avaliación e reestruturación, tanto da Administración xeral como da instrumental.

O obxectivo destas accións é o mesmo que leva guiando a actuación do Goberno galego desde o ano 2009: evitar duplicidades, gañar en eficacia e transparencia, adelgazar a administración, e que non sexan organismos instrumentais os que presten servizos e actividades que poden prestar de igual ou mellor xeito as consellerías das que dependen, e a un menor custe.



III fase do Plan de Racionalización

Como resultado da terceira fase do Plan de Racionalización desaparecerán 13 entes. Catro deles serán sometidos a procesos de extinción directa: Galioil S.A.; a Axencia para a Xestión integrada, calidade e avaliación da Formación Profesional; a Fundación Galega de Formación para o Traballo; e a Illa de San Simón, unha fundación que xa causou baixa e cuxas funcións están sendo asumidas directamente pola Consellería de Cultura.

Outros dous organismos serán sometidos a fusión: é o caso do Consello Galego da Competencia e o Instituto Galego de Consumo que se fusionarán nun único ente, tal e como xa se prevía na Lei de Racionalización. Ademais levarase a termo a separación da Xunta de tres fundacións: a Axencia enerxética Provincial da Coruña, creada en 2006; a Fundación Dieta Atlántica; e o Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient).

Finalmente, catro entidades serán sometidas a distintos procesos de reordenación ou reconversión. Así, as fundacións sanitarias (Fegas e Centro de Transfusión de Galicia) - dada a relevancia das súas funcións- mudarán a súa personalidade xurídica e converteranse en dúas axencias especializadas, que integrarán ademais a outras unidades e órganos.

Ademais, Agader deixará de ser unha entidade de dereito público e pasará a converterse nunha verdadeira axencia dende o punto de vista da súa entidade xurídico-administrativa; o mesmo que ocorrerá co Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) que se converterá –en cumprimento da Lofaxsga- nunha nova axencia autonómica.

Nas 19 entidades que continuarán operando, o traballo realizado polos auditores nos últimos meses valeu para incluír ata 380 recomendacións de mellora, que hai que sumar ás 420 xa aplicadas nas dúas fases anteriores, facendo un total de 800. Estas recomendacións inciden en ámbitos coma o control financeiro, a reordenación de espazos, a diversificación de actividades, a distribución de recursos materiais e humanos ou a orientación estratéxica.

Como resultado de todas estas medidas de racionalización, esta previsto que na terceira fase de execución do Plan os aforros superen os 6,5 millóns de euros, aínda que haberá que esperar a que comencen a executarse as medidas para coñecer os aforros reais. En todo caso, os 51 millóns de euros aforrados ata o momento aumentarán considerablemente.



A XUNTA DESTINA DOUS MILLÓNS DE EUROS PARA A MELLORA DO ACCESO AO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SAN CRISTOVO DE CEA

- *Trátase dun novo vial de acceso de 650 metros de lonxitude*
- *As obras tamén implicarán a colocación das redes de saneamento, abastecemento, eléctrica alumeado público, e telecomunicacións, que se conectarán coas redes municipais existentes*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o concello de San Cristovo de Cea polo que se executará a mellora do acceso ao polígono industrial. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas investirá dous millóns de euros nesta actuación neste ámbito industrial, que está situado nas inmediacións da estrada N-525.

Dende a Xunta destacase que o desenvolvemento do polígono está supeditado á conexión axeitada do mesmo coa estrada nacional, para o que se precisa da execución dun vial de acceso de aproximadamente 650 m de lonxitude.

As obras a desenvolver terán por obxecto a execución deste acceso, para conexión exterior e interior do polígono, e a urbanización do vial, destinando espazo para a calzada, aparcamento e beirarrúas.

No capítulo dos servizos urbanos as obras a executar consistirán na colocación das redes de saneamento, abastecemento, eléctrica alumeado público, e telecomunicacións, que se conectarán coas redes municipais existentes.

Pola súa banda, o Concello de San Cibrao das Viñas elaborará e aprobará o documento técnico necesario para a definición das obras, e xustificará a subvención segundo as estipulacións que se establezan nas cláusulas do convenio.

Con este tipo de iniciativas, a Administración galega pretende fomentar a actividade industrial mediante a mellora das condicións de accesibilidade, ao tempo que se favorece o desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade da vida á cidadanía.

A XUNTA MELLORARÁ O ESTADO INTEGRAL DOS SERVIZOS NA RÚA GRANADA, EN MIÑO, MEDIANTE A ACHEGA DE MÁIS DE 185.000 EUROS



- **As obras que se van executar consistirán na substitución e mellora da rede de abastecemento e na transformación do sistema de saneamento unitario nunha rede separativa de pluviais e fecais**
- **Acondicionarase o pavimento, co fin de adaptalo á complexidade da xeometría da rúa, que presenta accesos a diferentes niveis, e permitir a coexistencia da circulación rodada e o tráfico peonil**
- **Medio Ambiente, mediante a realización destes proxectos, pretende colaborar de xeito técnico e financeiro cos concellos galegos co fin de dotalos das infraestruturas de que carecen, mellorando a calidade de vida dos seus cidadáns**

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Miño para a renovación de servizos e pavimentación da rúa Granada, neste municipio da provincia da Coruña.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas achega un importe de preto de 185.000 euros para a execución destas melloras na citada rúa do Concello de Miño. O Goberno galego financia o 100 % destas actuacións que promoverán un contorno urbano máis seguro e cómodo.

A rúa Granada, de titularidade municipal, presenta deficiencias nos seus servizos e no estado do pavimento que necesitan ser reparadas. No capítulo dos servizos urbanos, as obras que se van executar consistirán na substitución e mellora da rede de abastecemento e na transformación do sistema de saneamento unitario existente nunha rede separativa de pluviais e fecais.

Ademais, rehabilitarase o pavimento co fin de adaptalo á complexidade da xeometría da rúa, que presenta accesos a diferentes niveis, e permitir a coexistencia da circulación rodada e o tráfico peonil. Deste xeito, tamén se promoven actuacións para definir contornos urbanos seguros, co fin de que se reduza a probabilidade de que se produzan accidentes.

Características técnicas

A lonxitude aproximada da actuación é de 350 metros, e adoptaranse distintas solucións de pavimentación en función da dispoñibilidade de espazo e necesidades de cada treito: demolición e mais reposición do firme con mesturas bituminosas en quente (1.110 m²) ou colocación de lastrado (680 m²), de xeito que se solucionen no posible os problemas de evacuación de augas que se rexistran en determinados puntos da rúa.


O departamento que dirixe Ethel Vázquez, mediante a realización deste tipo de proxectos, pretende colaborar de xeito técnico e financeiro cos concellos galegos co fin de dotalos daquelas infraestruturas de que carecen, mellorando así a calidade de vida dos seus cidadáns, neste caso dos preto de 5.800 habitantes do Concello de Miño.

Obrigas



Coa sinatura do convenio, a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asumirá o compromiso de subvencionar as obras.

Pola súa banda, o Concello de Miño elaborará e aprobará o documento técnico necesario para a definición das obras, que será supervisado pola Axencia Galega de Infraestruturas, asumirá as obrigas económicas que excedan o importe que se compromete a financiar a Xunta e xustificará a subvención segundo as estipulacións que se establezan nas cláusulas do convenio.



PROXECTO: Renovación de servizos e pavimentación da Rúa Granada. Concello de Miño

O CONCELLO DE SANDIÁS ADHÍRESE Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE, A QUEN DELEGA AS SÚAS COMPETENCIAS URBANÍSTICAS



Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.es



**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

- **APLU será a encargada dos labores de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións**
- **A axencia terá competencias en solo rústico e urbanizable mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados**
- **Con esta adhesión son 61 os concellos adheridos**

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura do convenio de adhesión que permite que o municipio de Sandiás delegue na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza ou sen axustarse ás súas condicións.

Estas actuacións terían que estar situadas nalgunhas das seguintes clases de solo: rústico e urbanizable, mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

Con esta adhesión son 61 os concellos adheridos.

Papel da Axencia

Para o Concello de Sandiás o presente convenio non comporta ningún gasto e o persoal do Concello poderá acceder a información urbanística, consultas e formación de xeito gratuíto.

A Axencia exercerá estas responsabilidades desde o día seguinte ao da publicación do convenio no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e considérase que a vixencia do convenio será indefinida. Nesta delegación de competencias non se inclúe a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello.

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo, e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.



SANIDADE DESTINA 4,7 MILLÓNS DE EUROS ANUAIS Á COMPRA DE ABSORBENTES E CUEIROS PARA OS CENTROS HOSPITALARIOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E AS RESIDENCIAS SOCIOSANITARIAS

- ***O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación centralizada para a subministración destes produtos***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación para a subministracións de material de incontinencia urinaria con destino a centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde e para as residencias sociosanitarias.

O orzamento anual do contrato ascende a 4.697.524 euros, e a súa vixencia será de 24 meses, cunha posible prórroga doutros 24 meses. O aforro previsto é superior aos 522.000 euros en dous anos.

Dentro dos produtos para tratar a incontinencia incluídos neste concurso están os cueiros (absorbentes), para a súa utilización polos doentes ingresados nos centros hospitalarios.

Ademais, o Servizo Galego de Saúde ten asumida por esta compra centralizada, en gran parte, a subministración directa de cueiros a pacientes ambulatorios que están en residencias sociosanitarias. Neste sentido, ao rematar o pasado ano 2013 subministraba directamente os absorbentes a 197 residencias sociosanitarias das case trescentas que están situadas na Comunidade Autónoma galega.

Esta contratación forma parte do Plan de compras integradas 2014-2015 do Servizo Galego de Saúde, que ten por obxecto satisfacer de forma homoxénea e economicamente eficiente as necesidades cotiás de produtos sanitarios e non sanitarios, medicamentos, subministracións enerxéticas e servizos xerais dos centros sanitarios.



A XUNTA AUMENTA NUN 21% O INVESTIMENTO DOS CURSOS DE FORMACIÓN DE COGAMI QUE BENEFICIARÁN A 600 PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- ***A iniciativa, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, terá un orzamento de máis de 630.000 euros e prevé chegar a máis de 600 persoas con discapacidade***
- ***Desenvolveranse cursos de formación, tanto presenciais como a distancia en toda Galicia***
- ***Este ano, como novidade, levaranse a cabo actividades complementarias relacionadas coa difusión de formación para o emprego nas persoas con discapacidade e coa sensibilización do tecido empresarial***
- ***A Xunta está a investir este ano 17,4 millóns de euros en programas de emprego para a discapacidade***

A Consellería de Traballo e Benestar colaborará coa Confederación Galega de Persoas con discapacidade (Cogami) nun programa de formación que permitirá mellorar a empregabilidade e as posibilidades de inserción laboral de máis de 600 persoas con discapacidade.

O Consello da Xunta autorizou hoxe este acordo, que conta cun orzamento superior aos 630.000 euros, cofinanciado polo Fondo Social Europeo (FSE). Este convenio enmárcase dentro do Programa operativo do FSE-Galicia 2007-2013, que atende como prioridade a loita contra a exclusión social, en particular grupos desfavorecidos como as persoas con discapacidade.

No convenio establécense tres programas de actuación: os dous primeiros teñen como finalidade a formación e o terceiro a realización de actividades de difusión e sensibilización referentes á inserción das persoas con discapacidade.

O primeiro programa, dirixido a aquelas persoas con discapacidade cun grao igual ou superior ao 33 por cento e residentes en Galicia, está conformado por cursos de formación tanto a distancia como presenciais. Esta última actividade desenvolveranse na Coruña, a comarca de Ferrolterra, Cabana de Bergantiños, Santiago de Compostela, Boiro, na provincia da Coruña; en Lugo, Monforte e Xove, na provincia lucense; en Pontevedra, Tomiño, Caldas, Vigo, Mos e Pontearreas, na provincia pontevedresa; e en Ourense e Xinzo, na provincia ourensá. En xeral, realízanse cursos como os de técnicas administrativas de oficina, xestións de stocks, xestión administrativa contable, controlador de accesos e traballador de espazos naturais.

No segundo programa impartiranse cursos de formación a persoas con grandes discapacidades. Neste caso tamén se combinará a modalidade a distancia coa presencial. Esta última terá lugar nos centros de Fingoi (Lugo) e Mos (Pontevedra). Cabe destacar que os participantes neste programa, enfocado ás grandes discapacidades, disporán do apoio e servizos necesarios para poder tomar parte nel. Ao seren persoas gravemente afectadas,



—

unha das principais funcións deste segundo abano de actividades do convenio é optimizar e manter as capacidade dos participantes. Realízanse actividades con novas tecnoloxías, o que implica unha forte dotación de recursos materiais e de gran carácter innovador. Así, os beneficiarios contan con axudas técnicas específicas.

O terceiro programa que financiará a Consellería de Traballo e Benestar a través deste convenio de colaboración con Cogami é unha novidade. Trátase de poñer en marcha actividades relacionadas coa difusión da formación para o emprego no colectivo de persoas con discapacidade, así como para a sensibilización do tecido empresarial en relación coas capacidades para o emprego das persoas con discapacidade. Estas actividades incluírán, entre outras, accións de *benchmarking* e intercambio de boas prácticas no eido da formación para a mellora da empregabilidade das persoas con discapacidade.

Con estas actividades preténdese informar o empresariado para sensibilizalo sobre a importancia da inserción laboral das persoas con discapacidade, as cales contan cunha formación adecuada como artellar iniciativas conxuntas entre distintos axentes para poñer en marcha innovadoras medidas de intervención con este colectivo.

En xeral, o obxectivo desta colaboración é fomentar a formación e a inserción laboral deste colectivo, que presenta especiais dificultades á hora de atopar un traballo. Con este programa, conséguese optimizar as capacidades destas persoas e, ao mesmo tempo, incrementar a participación das mulleres con discapacidade de cara a acadar a igualdade. A iniciativa tamén busca favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.

Emprego e discapacidade

Este convenio de colaboración é unha actuación máis das que está a desenvolver o departamento autonómico de cara a conseguir a plena inclusión, social e laboral, das persoas con discapacidade. Só no que se refire ao eido do emprego, a Consellería de Traballo e Benestar está a destinar este ano 17,4 millóns de euros a distintos programas dirixidos a persoas con discapacidade. Entre eles destacan, por exemplo, o mantemento dos centros especiais de emprego, os programas de emprego con apoio para persoas con discapacidade ou os distintos programas de integración laboral.

A Xunta apoia na actualidade o mantemento de 1.834 postos de traballo para persoas con discapacidade en 114 centros especiais de emprego de Galicia e o mantemento de 40 postos de traballo de persoas en situación de inserción laboral en 10 empresas desta tipoloxía.



GALICIA REXISTRA UN MÁXIMO HISTÓRICO DE VIAXEIROS NUN ANO NON XACOBEO

- ***Galicia rexistrou preto de 950.000 viaxeiros aloxados, polo que superou nun 5,2% a cifra do ano pasado e nun 4,6% o nivel de pernoitas, con algo máis de dous millóns***
- ***O nivel de ocupación medio do verán sitúase no 70,6% para o conxunto dos hoteis de Galicia***
- ***Continúa a tendencia de internacionalización do Camiño, incrementándose os peregrinos estranxeiros nun 15,1%***
- ***O gasto total efectuado polos turistas internacionais en Galicia sitúase en preto de 180 millóns de euros***
- ***O volume de pasaxeiros que utilizaron os aeroportos galegos incrementouse nun 4,5%***

Galicia experimentou un importante incremento nos niveis da demanda turística regrada, segundo reflicte a última sondaxe presentada no Consello da Xunta. A comunidade rexistrou preto de 950.000 viaxeiros aloxados, polo que se superou nun 5,2% a cifra do ano pasado e nun 4,6% o nivel de pernoitas, con algo máis de dous millóns.

En termos de viaxeiros neste ano 2014 Galicia rexistra un máximo histórico nun ano non Xacobeo, e queda só por debaixo dos niveis acadados en 2010.

Galicia ocupa tamén un lugar privilexiado a nivel estatal, situándose no grupo das comunidades con maior intensidade de crecemento en relación ao pasado ano, só por detrás de Madrid, Navarra e Asturias. E en termos de volume Galicia lidera o mercado turístico do noroeste peninsular.

En canto á conxuntura turística nos aloxamentos regrados, os establecementos hoteleiros seguen sendo os que máis demanda turística acadan, cun 77,3%, porcentaxe que inclúe tanto os hoteis –que representan o 61%- como as pensións –co 16% neste caso-. Aínda que cabe destacar que a mellora dos niveis de demanda turística no bimestre xuño-xullo se produce en todas as tipoloxías de aloxamento regrado.

O crecemento de maior intensidade rexístrase nos establecementos de turismo rural, segmento onde as pernoitas soben nun 24% en relación ao pasado ano.

O incremento da demanda produciuse polo bo comportamento do turismo tanto nacional como internacional, ben que os crecementos con relación ao pasado ano son de diversa intensidade. O mercado nacional sobe un 3,3% mentres que o internacional crece nun 9,4%, porcentaxes referidas ás pernoitas.

O turismo internacional acada neste ano máximos históricos de niveis de demanda en Galicia no bimestre xuño-xullo, con preto de 280.000 viaxeiros e 463.000 pernoitas nos



establecementos regrados. Consólidase así a tendencia de cambio na estrutura da demanda cun incremento do peso do turismo internacional en Galicia –supón neste período preto do 30% dos viaxeiros, porcentaxe que supón tamén un máximo histórico na nosa Comunidade-.

Un nivel de ocupación medio de 70,6%

Segundo os resultados obtidos nesta sondaxe realizada a principios de setembro, o nivel de ocupación medio do verán sitúase no 70,6% para o conxunto dos hotéis de Galicia, cifra que supera en case catro puntos porcentuais o dato do pasado ano.

As provincias da Coruña e Lugo son as que presentan mellores cifras de ocupación, rexistrando un 73% e 84% de media respectivamente no verán –cifras que ademais ascenden ao 82% na primeira e ao 91% na segunda no mes de agosto-.

O 42,9% dos establecementos opina que os resultados neste verán –en termos de ocupación- se mantiveron ou melloraron respecto ás cifras de ocupación do verán de 2013, se son os establecementos de tres a cinco estrelas os que presentan mellor valoración, aínda que a percepción positiva se estende a todas as categorías hoteleiras.

En liña co que se observa a teor das cifras oficiais do INE, moitos establecementos consultados sinalan que os bos resultados deste verán se deben en gran medida ao bo comportamento do turismo internacional. Isto supón para algunhas zonas certo cambio de perfil da demanda no verán.

Continúa a tendencia de internacionalización no Camiño de Santiago

Nos meses de verán rexistrouse un total de 90.800 peregrinos que recolleron a Compostela na oficina de Santiago, a cifra máis elevada acadada por un ano non Xacobeo.

En canto á procedencia dos peregrinos, continúa a tendencia de internacionalización do Camiño. No período estival un 39,3% dos peregrinos foron estranxeiros, cifra que se incrementou nun 15,1% con respecto ao ano anterior.

Só no ámbito do Camiño Francés, obsérvase neste inicio de verán unha mellora importante dos niveis de demanda correspondente aos establecementos hoteleiros. En particular, incrementase a cifra de viaxeiros aloxados nun 16,7% mentres que as pernoitas soben nun 17,3% con relación ao mesmo período do pasado ano.

O gasto do turismo internacional preto dos 180 millóns de euros

A dinámica positiva do turismo internacional en Galicia tradúcese en boa medida nun incremento do gasto total realizado por este segmento de mercado na nosa Comunidade.

Neste inicio de verán o gasto total efectuado polos turistas internacionais en Galicia sitúase en preto de 180 millóns de euros, cifra que supera nun 20% o dato do ano pasado.



Un 4,5% máis de viaxeiros nos aeroportos galegos

En liña co observado noutros ámbitos da actividade turística, obsérvase neste verán un incremento importante do tráfico aeroportuario en Galicia. En termos globais, o volume de pasaxeiros que utilizaron os aeroportos galegos incrementouse nun 4,5% con relación ao mesmo período do pasado ano.

O crecemento do tráfico aéreo prodúcese nos tres aeroportos da Comunidade. Alvedro experimenta un maior crecemento, xa a cifra de pasaxeiros deste verán supera nun 13% o dato do ano pasado. Pola súa parte, Peinador rompe a tendencia negativa dos últimos anos e consegue mellorar nun 5,2% o volume de tráfico do verán de 2013. Lavacolla presenta o incremento de menor intensidade –do 1,2% neste caso– ben que aglutina o maior volume de tráfico da Comunidade (polo aeroporto de Santiago de Compostela pasaron preto de 460.000 pasaxeiros, o 58% do total de Galicia neste verán).



SANIDADE ADXUDICA A REDACCIÓN DO PLAN DIRECTOR DO HOSPITAL DA COSTA POR UN IMPORTE DE 112.530 EUROS

- ***A adxudicataria é a empresa EACSN, S.L. e ten un prazo de execución de 4 meses***

A Consellería de Sanidade adxudicou o servizo de redacción do Plan director do Hospital da Costa de Burela á empresa EACSN, S.L. (Estudos de Arquitectos e Consultores SN) por un importe de 112.530 euros, o que supón un aforro do 21,52% respecto do importe máximo de licitación. Esta empresa disporá dun prazo de execución de 4 meses.

Neste eido, o Servizo Galego de Saúde solicitoulle ao licitador a presentación, nun prazo de 10 días hábiles, da documentación precisa para a formalización do contrato correspondente.

A redacción do novo Plan director do Hospital da Costa vai supor a modernización do centro cunha programación racional das novas actuacións e investimentos que se van acometer nel.

Así mesmo, adaptarase o Plan funcional deste hospital ás novas necesidades derivadas da creación da estrutura organizativa de Xestión Integrada das áreas de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos, aprobada no ano 2013.

Esta iniciativa enmárcase dentro da Estratexia Sergas 2014 en relación coa modernización das infraestruturas sanitarias para mellorar a asistencia prestada aos cidadáns e o contorno de traballo dos profesionais.

